

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Oferta de Emprego Público 2025

EXPEDIENTE: 2025/E003/000002

Considerando que o Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 27 de novembro de 2024, aprobou o Orzamento Municipal para o ano 2025, xunto co Cadro de Persoal desta Corporación.

Visto o Informe do Departamento de Recursos Humanos de data 3 de xuño de de 2025, incorporado ao expediente, coa conformidade da Intervención municipal da mesma data.

Visto o disposto nos artigos 37, 69 e 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, nos artigos 48 e concordantes da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, no artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 33 e concordantes do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e o artigo 34 e concordantes do Convenio Colectivo do Concello de Teo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2025, que contén os seguintes postos de traballo:

PERSOAL FUNCIONARIO

Escala	Subescala	Clase	Categoría	Subgrupo	Nivel	N.º Postos	Quenda
Administración especial	Servizos Especiais	Policía	Policía	C1	18	1	Libre
Administración especial	Técnica	Técnico/a Auxiliar en Informática		C1	22	1	Libre
Administración xeral	Administrativa	Administrativa/o		C1	22	1	Libre

Segundo.- Publicar a oferta así aprobada no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado, así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Concello: www.teo.gal.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Subdelegación do Goberno e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cuarto.- Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz